

## NOTAS SOBRE O CASTRO DE SAN XIAO (TOQUES). TERRA DE MELIDE. GALIZA

Fernando ACUÑA CASTROVIEJO\*  
Purificación RODRÍGUEZ GARCÍA\*

*Ao mestre e amigo,  
do que tanto aprendimos,  
e que dende o Alén o sigue sendo*

### I. INTRODUCCIÓN

No ano 1986 firmouse un convenio entre as Universidades de Santiago de Compostela e Lodz (Polonia), que contemplaba como un dos seus obxectivos a realización do proxecto de investigación sobre a ocupación do territorio nas épocas castrexas e romana, no val do río Furelos, sito nos concellos de Toques e Melide, na Galiza interior.

Froito dese convenio foron, ata agora, a realización de oito campañas de excavación no castro de A Graña, que proporcionaron unha valiosa información sobre a evolución castrexa, tanto no que se refire a estruturas, sistemas de acceso como materiais e cronoloxía (Mejjide, 1990), (Acuña, 1998).

Un paso mais na aplicación práctica do convenio foi a realización, entre o 30 de agosto e o 9 de setembro de 1989, dunhas sondaxes arqueolóxicas no castro de San Xiao (Toques), sito fronte o de A Graña, co fin de comprobar ou obter información sobre un asentamento en altura, que controlaba o val do Furelos.

Nos traballos, financiados pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia e polo Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago, participaron os que suscriben xunto G. Mejjide, K. Walenta, T. Grabarczyk, J. Blasczyk, encargados da planimetría; e os operarios Manuel e Luis Prieto Prieto. Os debuxos dos materiais corresponden a A. Rodríguez Paz, así como os dos cortes estratigráficos realizados sobre os borradores dos autores e do equipo técnico deste traballo.

---

\* Departamento de Historia I. Universidade de Santiago.

En case toda a excavación participou o Professor Doutor Carlos Alberto Ferreira de Almeida, ilustre catedrático da Universidade do Porto, a quen dedicamos estas breves notas en lembranza daquelas xornadas de convivencia.

## II. DESCRICIÓN

O castro de Sta María de San Xiao está situado no alto do monte da Grela, na parroquia de San Xiao do Monte no concello de Toques. As coordenadas xeográficas UTM son: X = 585.000, Y = 4.457.430. Folla do mapa nº 96, nº de cuadrícula 13.

Situase nunha zona alta, a 628 metros, dominando o val do Furelos, e desde que a que se observan os castros de A Graña, Vilouriz, Vilamor, Piñeiro, Paradela e Castro Pedro (L. Cuevillas, 1933). Actualmente ocupa un terreo adicado a prado e monte con toxos, xestas, piñeiros e carballos. As terras circundantes adicanse dende hai mais de sesenta anos ao cultivo do millo.

Ten forma ovalada sendo as dimensións da croa de 40 x 60 m no sentido N-S e E-O repectivamente. A muralla rodea todo o recinto, agás na entrada situada ao leste. Acada 6 m de altura e na parte superior observáanse parte das pedras que constituían a súa estrutura. Ten un foxo reaproveitado como camiño na parte oriental.

Perto do xacemento atopouse un machado de talón dun anel, debido as obras de apertura dunha pista (Meijide, 1988).

Aparece catalogado por Otero Pedrayo e Fraguas no volumen colectivo Terra de Melide (L. Cuevillas, 1933) con referencia ao «Mapa Prehistórico de la Villa de Mellid y sus alrededores» (Alvarez Carballido, 1907).

## III. HISTORIA DA EXCAVACIÓN

A campaña consistiu no levantamento planimétrico do castro e na realización de cinco sondaxes de 5 x 5 m, deixando testigos de 0,5 m nos perfís Norte e Leste.

A excavación planteouse en dous sectores. Abríuse en primeiro lugar a cuadrícula A-1. Nela apareceu baixo a capa vexetal, unha terra de cor pardo-amarela bastante blanda con poucas pedras xunto con materiais escasos, entre os que destaca unha fusaiola de esteatita. Enseguida aparece a rocha natural descomposta.

A 25 m de distancia abríronse tres cuadrículas, B-I, B-II e B-III, que mostran un panorama arqueolóxico diferente. Esta zona ten unha maior potencialidade estratigráfica e aparecen nela os primeiros vestixios de ocupación, reflexados nun burato de poste con zócalo de pedras e algúns pavimentos.

No sector B-I aparece tras a capa superficial ou vexetal, terra de cor pardo-amarela, despois unha capa de cor pardo-grisácea asociada con cerámica de superficies alisadas, unha pardo-oscura e un basureiro formado por terra negruzca con abundantes carbóns e materiais máis toscos, para terminar cun paleosolo bermello e a rocha natural. Hai gran cantidade de pedras pero sin corresponder a ningunha estrutura, que podían obedecer ao entullo botado nunha época indeterminada por mor de labores agrícolas.

Nos sectores B-II e B-III despois da capa superficial hai unha terra de cor pardo-amarelo, á que segue unha capa de terra amarela con moito material entre o que destaca un fragmento de cerámica bruñida e con decoración reticulada cunha cronoloxía bastante serodia. Posteriormente un pavimento cun burato de poste con zócalo de pedras aorredor.

Ao ser estes os únicos vestixios habitacionais fainos pensar nunha ocupación esporádica ou de refuxio do castro, xustificada pola magnitude da muralla.

## IV OS MATERIAIS ARQUEOLÓXICOS

Os materiais recuperados responden a unha pequena porcentaxe e distribúense en líticos, cerámicos e metálicos.

As pezas líticas están feitas en esteatita, denominada na comarca «pedra murcia»

ou «tobelo» E un material abundante na zona, donde hai diversas afloracións, sendo moi fácil de traballar.

Dentro deste grupo recuperáronse varias pezas de forma irregular e con perforación central, utilizadas posiblemente como pesas de tear ou pesos para amarrar o teito feito con materiais perecedeiros; dúas fusaiolas sen decoración e unha posible ficha de xogo, xa que polas súas dimensións e grosor así parece.

Da cerámica a feita a mán é unha minoría. Predomina a de factura a roda lenta, e nalgúns casos, rápida. As superficies son alisadas ou rugosas, e nalgúns casos bruñidas. As pastas son de cor pardo-oscuro, negruzco e bermello. A decoración mais abundante é a incisión con deseños lineais, romboidais etc. Hai bruñidos lineais e algún cepillado, destacando unha vasilla con decoración de retícula bruñida. As formas representadas son oliñas, olas de perfil en S e cuncas de boca irregular. Os bordes son saintes ou rectos, con labios redondeados ou sinxelos. Os colos curvos ou rectilíneos.

Nos niveis superficiais teñen aparecido fragmentos de tégula e ímbrice.

Finalmente, o material metálico só aparece representado por dous fragmentos de ferro informes.

## V. CONCLUSIONS

Os resultados das sondaxes realizadas no Castro de San Xiao mostran un panorama diferente ao doutros castros do Val do Furelos. Os escasos vestixios de habitación, pavimentos ou buratos de poste, xunto co pouco material exhumado contrastan ca importante muralla, xunto co terraplén e o foxo que rodea ó recinto. Tamén e de salientar a súa posición estratéxica estreitamente relacionada cos castros circundantes e o dominio visual que exerce sobre eles.

Poderíamos pensar nunha ocupación estacional ou esporádica tendo a croa unha misión de refuxio. Cecais para a gandeiría.

O marco cronolóxico establecece polas testemuñas cerámicas, tanto as de uso cotián como as constructivas, cara un cambio de era; correspondéndose ca segunda fase de ocupación do Castro de A Graña.

## BIBLIOGRAFIA

ACUÑA CASTROVIEJO, F. (1998) «Sistemas de acceso ós castros do Noroeste Peninsular: O Castro de A Graña (Toques, A Coruña)». Castrexos e Romanos no Noroeste (Santiago). (No prelo).

ALVAREZ CARBALLIDO, E. (1907) «Prehistoria». B.R.A.G. II, nº 12, pp.5-9. Na páxina 8 figura «un mapa prehistórico de la villa de Mellid y sus alrededores» no que o castro de San Xiao ten o nº 15.

LÓPEZ CUEVILLAS, F. (1933) «Prehistoria de Melide». Terra de Melide, Seminario de Estudos Galegos, Compostela. Castro de San Xiao (nº IX, p. 74), A Graña (nº VI, p.71), Vilouriz (nº X, p.75), Vilamor (nº VII, pp. 72-73), Piñeiro (nº VIII, pp.73-74), Paradela (nº V, pp. 69-70) e Castro Pedro (nº XII, pp. 77-79).

MEIJIDE CAMESELLE, G. (1988) «Bronces do Museo Terra de Melide» Boletín do Centro de Estudos Melidenses, nº 4.

MEIJIDE CAMESELLE, G. (1990) «Tres dataciones de C 14 del Castro de A Graña (Toques. A Coruña) y su contexto arqueológico». Gallaecia 12, pp. 111-134.

## INVENTARIO

As pezas foran inventariadas seguindo o nivel, cuadrícula e número de siglado. Todo o material recollido está depositado no Museo da Terra de Melide a cuio Director X. M. Broz así como a X. D. Fuciños agradecemos a colaboración prestada.

### 1. B-I, N-3, Xiao 89, 68

Fragmento de borde e colo. Pasta de cor pardo-oscuro, superficie bruñida (Fig. 5).

2. B-I, N-5, Xiao 89, 70  
Fragmento de borde e inicio de panza dunha ola con perfil em S. Pasta de coor pardo-  
-oscura e superficie bruñida (Fig. 5).
3. B-I, N-5, Xiao 89, 61  
Fragmento de borde de un cunco irregular. Pasta bermella e superficie rugosa (Fig. 5).
4. B-I, N-4, Xiao 89, 14  
Fondo dunha vasixa de forma indeterminada de coor bermello e superficie lisa (Fig. 7).
5. B-II, N-4, Xiao 89, 15  
Peza de esteatita de forma redonda, posible ficha (Fig. 11).
6. B-I, N-4, Xiao 89, 67  
Peza lítica de forma irregular con perforación inconclusa na parte superior (Fig. 11).
7. B-II, N-4, Xiao 89, 8  
Fragmento de borde dun cunco. Borde recto e plano, colo curvilineo. Pasta bermella e  
superficie rugosa no interior e alisada no exterior. Degrasante medio (Fig. 8).
8. B-II, N-4, Xiao 89, 9  
Base dunha vasixa indeterminada, pasta bermella, superficie rugosa e degreasante medio  
(Fig. 7).
9. B-I, N-3, Xiao 89, 65  
Fragmento de borde dun cunco irregular. Pasta bermella, alisada no exterior e rugosa no  
interior (Fig. 8).
10. B-II, N-3, Xiao 89, 32  
Fragmento de borde e inicio de galbo. Borde sainte, colo curvo e boca aberta. Superficie  
alisada e pasta pardo-oscura con degreasante medio (Fig. 8).
11. B-II, N-3, Xiao 89, 30  
Fragmento de borde sainte e colo dun cunco. Pasta negruzca e superficie bruñida (Fig. 6)
12. B-II, N-3, Xiao 89, 70.  
Fragmento de asa con acanaladura vertical e pequena fenda hemisférica feita cun dedo.  
Pasta bermella e superficie alisada (Fig. 7).
13. B-III, N-3, Xiao 89, 117  
Fragmento de galbo, pasta pardo-oscura e superficie lisa (Fig. 9).
14. B-I, N3, Xiao 89, 56  
Fragmento de de galbo dunha vasixa. Pasta bermella, superficie lisa no exterior cun suave  
cepillado, degreasante medio (Fig. 10).
15. B-III, N-2, Xiao 89, 16  
Peza lítica de forma irregular, fragmentada e cunha perforación nesa zona (Fig. 11).
16. B-I, N-2, Xiao 89, 3  
Fragmento de borde e colo dunha vasixa. Borde sainte, labio estreito e boca aberta. Pasta  
pardo-clara e superficie lisa (Fig. 7).
17. B-III, N-2, Xiao 89, 82  
Fragmento de borde e colo. Pasta pardo óscura. Superficie rugosa no exterior e lisa no interior.
18. B-III, N-2, Xiao 89, 18  
Peza de barro cocida de forma irregular cunha acanaladura vertical feita cun dedo.
19. B-III, N-2, Xiao 89, 75  
Fragmento de borde e inicio de galbo diferenciado por unha inflexión. Borde recto na parte  
superior, labio estreito e colo curvilineo. Pasta pardo-oscura e superficie bruñida (Fig. 8).
20. B-III, N-2, Xiao 89, 95  
Fragmento de borde dun cunco de forma irregular. Pasta bermella e superficie lisa (Fig. 8).
21. B-III, N-2, Xiao 89, 76  
Fragmento de borde e inicio de galbo dunha vasixa. Borde sainte e recto. Pasta pardo-  
-oscura. Superficies lisas (Fig. 5).
22. B-III, N-2, Xiao 89, 90  
Fragmento de borde e colo dun cunco de pasta pardo-negruzca. Superficie rugosa no exte-  
rior e lisa no interior. Degreasantes medios (Fig. 6).

23. B-III, N-2, Xiao 89, 96  
Fragmento de borde e colo dunha vasixa. Borde engrosado cara ao interior e o colo curvilinear. Pasta bermella. Superficie lisa no interior e rugosa no exterior (Fig. 6).
24. B-III, N-2, Xiao 89, 135  
Fragmento de panza dunha vasixa. Pasta bermella no exterior e negruzca no interior. Superficie bruñida con reticulado (Fig. 9).
25. B-I, N-2, Xiao 89, 29  
Fragmento de borde e galbo dunha vasixa. Pasta grisácea. Superficie rugosa e degreasantes grosos (Fig. 6).
26. B-III, N-2, Xiao 89, 98  
Fragmento de borde dun cunco. Borde recto e plano Pasta bermella, superficie rugosa, degreasante medio (Fig. 6).
27. B-III, N-2, Xiao 89, 77  
Fragmento de bordo dun cunco de forma irregular. Colo recto e boca curvada. Superficie lisa e pasta bermella (Fig. 6).
28. B-III, N-2, Xiao 89, 114  
Fragmento de borde dunha vasixa. Bordo sainte e colo recto. Pasta bermella. Superficie rugosa e degreasante medio (Fig. 6).
29. B-III, N-2, Xiao 89, 104  
Fragmento de de borde recto e colo recto/curvo. Pasta bermella. Superficie rugosa no interior e bruñida no exterior (Fig. 6).
30. B-III, N-2, Xiao 89, 79  
Fragmento de borde dunha vasixa. Borde sainte e labio estreito. Pasta pardo-oscuro. Superficie rugosa (Fig. 6).
31. B-III, N-2, Xiao 89, 88  
Fragmento de borde semelhante ao anterior. Pasta pardo-clara e superficie lisa tanto polo interior como polo exterior (Fig. 6).
32. B-III, N-2, Xiao 89, 101  
Fragmento de borde dunha vasixa. Borde sainte e recto. Pasta pardo-oscuro, superficie rugosa e degreasantes grosos (Fig. 6).
33. B-III, N-2, Xiao 89, 97  
Fragmento de borde dun cunco de boca aberta. Pasta bermella. Superficie rugosa no interior e exterior. Degreasantes grosos (Fig. 6).
34. B-III, N-2, Xiao 89, 91  
Fragmento de borde dunha vasixa. Pasta pardo-oscuro. Superficie lisa e bruñida no interior. (Fig. 6).
35. B-III, N-2, Xiao 89, 87  
Fragmento de borde e colo dunha vasixa. Borde sainte, colo recto Pasta pardo-oscuro. Superficie alisada (Fig. 6).
36. B-III, N-2, Xiao 89, 109  
Fondo e inicio do galbo dunha vasixa de pasta bermella no interior e negruzca no exterior. Superficie lisa e degreasantes medios (Fig. 7).
37. B-III, N-2, Xiao 89, 110  
Fondo dunha vasixa de forma indeterminada de pasta bermella no exterior. No interior adherencias de feluxe. Superficie lisa. Degreasantes grosos (Fig. 7).
38. B-III, N-2, Xiao 89, 26  
Fragmento de galbo de superficie lisa e decorado con lineas incisas paralelas. Pasta bermella. (Fig. 9).
39. B-III, N-2, Xiao 89, 37  
Fragmento de galbo con cepillado. Pasta pardo-oscuro no exterior e bermella no interior. (Fig. 9)
40. B-III, N-2, Xiao 89, 119.  
Fragmento de panza de pasta negruzca. Superficie externa lisa con lineas paralelas incisas (Fig. 10).

PORTUGALIA

41. B-III, N-2, Xiao 89, 81  
Fragmento de galbo de pasta pardo-oscuro. Superficie rugosa no exterior con lineas incisas paralelas (Fig. 10).
42. B-III, N-2, Xiao 89, 126  
Fragmento de galbo de pasta pardo-clara. Superficie lisa no exterior con decoración incisa de lineas paralelas (Fig. 10).
43. B-III, N-2, Xiao 89, 176  
Fragmento de galbo de coor pardo-oscuro. Superficie lisa con decoración incisa de lineas paralelas (Fig. 10).
44. B-III, N-2, Xiao 89, 129  
Fragmento de panza de pasta pardo-claro moi fina. No exterior decoración incisa de rombos (Fig. 10).
45. B-III, N-2, Xiao 89, 125  
Fragmento de galbo de pasta pardo-clara. No exterior decoración incisa de lineas paralelas (Fig. 10).
46. B-III, N-2, Xiao 89, 128  
Fragmento de galbo de pasta bermella. Superficie bruñida (Fig. 10).
47. A-III, N-1, Xiao 89, 23  
Fusaiola de esteatita (Fig. 11).
48. B-I, N-1, Xiao 89, 27  
Fusaiola de esteatita de sección bitroncocónica (Fig. 11).
49. B-II, N-1, Xiao 89, 7  
Fragmento de galbo con superficie bruñida no exterior e decoración de rombos. Pasta bermella no exterior e negruzca no interior (Fig. 10).






Fig. 2 – Panorama do Castro de San Xiao  
Realizado por J. Blaszyk.



Perfil N B I




Fig. 3 - Perfil N. B-I

Perfil N B II




Fig. 4 – Perfil N. B-II




Fig. 5 – Bordos

PORTUGALIA




Fig. 6 - Bordes




Fig. 7 – Fondos, bordes, asa




Fig. 8 – Bordes




Fig. 9 – Fragmentos decorados




Fig. 10 – Fragmentos decorados






Fig. 11 – Materiais líticos

